

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 8 DE AGOSTO DE 2019

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13.35 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, e coa asistencia dos Sres/as. Concelleiros/as cuxos nomes á marxe se relacionan :

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

María Jesús García Souto (PP).

Ángel López Fidalgo (PP).

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Secretaria:

Elena González López

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 1/2019, POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que o expediente foi ditaminado pola Comisión informativa de Contas e Facenda. O contido do dito ditame é o seguinte:

“PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2019 na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería

resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación :

**ORZAMENTO DE GASTOS
APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS INCREMENTADAS OU DOTADAS DE
CRÉDITO**

Pro.	Eco.	Descrición	Suplemen to	Crédito extraordinar io.	TOTAL
160	2100 0	Infraestr.y bienes naturales (alcantarillado)		40000	
161	2279 9	Otros trabajos para suministro de aguas	12000		
165	2030 0	Alquiler alumbrado Navidad	3500		
231	2279 9	Ayuda a domicilio ""Dependencia""	26300		
312	2210 3	Combustible calefacción centro de salud	1500		
334	2240 0	Primas de seguros.		400	
338	2090 0	Canon SGAE por actuaciones	2300		
338	2260 2	Publicidad y propaganda		4200	
338	2260 9	Actividades Feira da Troita, Carnavales, Reyes	20335		
338	2269 9	Otros gastos feira da troita	8200		
338	2279 9	Fiesta 3ª edad y viajes	3500		
342	2279 9	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	3000		
454	2030 0	Arrend.maq, instalac.y ut		10500	
454	2100 0	Reparaciones y mnto. caminos vecinales	477880		
454	2140 0	Reparaciones y mantenimiento tractor	9520		
454	2219 9	Otros suministros		15775	
459	2130	Reparaciones y	2000		

		<i>mantenimiento otras infraestructuras</i>			
	1310				
165	0	<i>Salarios</i>	3900		
165	150	<i>Productividade</i>		1164,22	
	1310				
231	0	<i>Salarios</i>	22200		
	1500				
231	0	<i>Productividade</i>		1779,36	
	1600				
231	0	<i>Seguridade Social</i>	8345		
	1310				
330	0	<i>Salarios</i>	5905		
	1600				
330	0	<i>Seguridade Social</i>	1914		
	1310				
454	0	<i>Salarios</i>	14420		
	1600				
454	0	<i>Seguridade Social</i>	949		
	1500				
920	0	<i>Productividade</i>	1528,38		
	1620				
920	0	<i>Formación</i>	500		
	1310				
924	0	<i>Salarios</i>	2881		
	1600				
924	0	<i>Seguridade Social</i>	1605		
	6090	<i>Otras inversiones nuevas (cultura)</i>		65000	
330	0				
	6090	<i>Otras inversiones nuevas (local social)</i>		2656	
337	0				
	6090	<i>Otras inversiones nuevas (deportes)</i>		95000	
342	0				
	6190	<i>Reposic. infr. viaria mun</i>		13864	
454	2				
	6250	<i>Mobiliario.</i>		5000	
920	0				
	6260	<i>Equipos proceso informac.</i>		7000	
920	0				
TOTAL			634182,4	262338,6	89652
S					1

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

**ORZAMENTO DE INGRESOS
RECURSOS QUE FINANCIAN A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.**

<i>Aplicación</i>	<i>Denominación</i>	<i>Importe</i>
<i>870.10</i>	<i>Remanente de Tesoureria para Gastos Xerais</i>	<i>896521</i>

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas."

A continuación, expón de maneira sucinta a memoria xustificativa do expediente. A dita memoria transcrita literalmente di:

"MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO

En cumprimento do previsto no artigo 177.1 do TRLRHL ("Cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no

segundo”) xustifícase a imposibilidade de demorar a tramitación dos gastos incluídos no expediente de modificación orzamentaria 1/2019, mediante Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario de acordo cos seguintes motivos:

I. Gastos correntes do exercicio 2018. Unha parte de gasto está destinado ao cumprimento do disposto no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sosteibilidade Financeira (LOEPSF), de acordo co que este e a Disposición Adicional Sexta establecen (segundo a redacción introducida pola Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial do sector público (LOCDCSP) que, para os efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta que as Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas ao 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior. É preciso o pagamento urxente aos provedores para dar cumprimento ao período medio de pago.

II. Gastos correntes do exercicio 2019. Existen gastos neste exercicio 2019 para os que non existe dotación orzamentaria suficiente. Trátase tanto de gastos xa realizados como previsións de gasto de cara ao final de ano baseadas nos datos de execución orzamentaria de anos anteriores.

A urxencia na dotación orzamentaria das partidas para asumir estes gastos deriva de que afectan a servizos esenciais para os veciños como os sumidoiros e subministro de auga, o servizo de axuda no fogar e dependencia ou reparacións e mantementos de infraestruturas e euqipamentos municipais. Así mesmo, asúmense custes de reparacións de camiños do exercicio xa realizadas e polo tanto igual que no apartado anterior, temos que asumir para non incrementar o período medio de pago.

Existen, gastos asimesmo, de festexos tradicionais próximos a realizar para os que tampouco existe crédito como a Feira da Troita.

III. Gastos de persoal. O 15.05.2019 aprobouse o Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Sobrado. Neste Convenio prevese a equiparación e racionalización da retribucións do persoal laboral. Prevese a súa aprobación definitiva para os meses de outubro ou

novembro por ese motivo ten que dotarse de crédito as aplicacións orzamentarias de persoal para asumir estes novos custes.

IV. *Investimentos.* .O vindeiro 31.12.2019 remata o prazo de cesión dos terreos e edificacións da antiga Cámara Agraria ao Concello. Nestes inmobles sitúanse dependencias municipais como son o polideportivo ou o edificio de servizos múltiples. A Xunta de Galicia, propietaria dos inmobles, afirma que non se poden volver a ceder e que o Concello os ten que adquirir. Por este motivo créase crédito nas aplicacións orzamentarias de investimento para asumir o custe de adquisición. A última valoración dos inmobles que fixo a Xunta o seu custe é de 93.399,65 € e 61.436,13 €, esta é a que tomaremos como referencia aínda que se prevé que o custe sexa menor.

O local social de Pena Grande en Grixalba, está asentado en terreos que son propiedade dun particular. É preciso regularizar esta situación e proceder a súa adquisición. Segundo os datos de catastro o valor do terreo é de 2.655,25 €.

Con todo, o expediente de modificación de créditos mediante Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario, afecta as seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes:

**ORZAMENTO DE GASTOS
APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS INCREMENTADAS OU DOTADAS DE
CRÉDITO**

Pro.	Eco.	Descrición	Suplemen to	Crédito extraordinar io.	TOTAL
160	2100 0	Infraestr.y bienes naturales (alcantarillado)		40000	
161	2279 9	Otros trabajos para suministro de aguas	12000		
165	2030 0	Alquiler alumbrado Navidad	3500		
231	2279 9	Ayuda a domicilio ""Dependencia""	26300		
312	2210 3	Combustible calefacción centro de salud	1500		
334	2240 0	Primas de seguros.		400	
338	2090 0	Canon SGAE por actuaciones	2300		
338	2260	Publicidad y propaganda		4200	

	2				
338	2260 9	Actividades Feira da Troita, Carnavales, Reyes	20335		
338	2269 9	Otros gastos feira da troita	8200		
338	2279 9	Fiesta 3ª edad y viajes	3500		
342	2279 9	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	3000		
454	2030 0	Arrend.maq, instalac.y ut		10500	
454	2100 0	Reparaciones y mnto. caminos vecinales	477880		
454	2140 0	Reparaciones y mantenimiento tractor	9520		
454	2219 9	Otros suministros		15775	
459	2130 0	Reparaciones y mantenimiento otras infraestructuras	2000		
165	1310 0	Salarios	3900		
165	150	Productividade		1164,22	
231	1310 0	Salarios	22200		
231	1500 0	Productividade		1779,36	
231	1600 0	Seguridade Social	8345		
330	1310 0	Salarios	5905		
330	1600 0	Seguridade Social	1914		
454	1310 0	Salarios	14420		
454	1600 0	Seguridade Social	949		
920	1500 0	Productividade	1528,38		
920	1620 0	Formación	500		
924	1310 0	Salarios	2881		

924	1600 0	Seguridade Social	1605		
330	6090 0	Otras inversiones nuevas (cultura)		65000	
337	6090 0	Otras inversiones nuevas (local social)		2656	
342	6090 0	Otras inversiiones nuevas (deportes)		95000	
454	6190 2	Reposic. infr. viaria mun		13864	
920	6250 0	Mobiliario.		5000	
920	6260 0	Equipos proceso informac.		7000	
TOTAL S			634182,4	262338,6	896521

**ORZAMENTO DE INGRESOS
RECURSOS QUE FINANCIAN A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.**

Aplicación	Denominación	Importe
870.10	Remanente de Tesoureria para Gastos Xerais	896521
TOTAL		

Toma a palabra a Sr. García Souto indica que lle sorprende a modificación por ese importe a estas alturas do ano, en 6 meses se gasta a metade do Remanente de Tesourería. Pregunta cales son a facturas pendentes do ano 2018 que quedan pendentes xa que houbo expediente de recoñecemento de crédito fai uns meses e con todo aínda quedaron pendentes de pagamento algunhas obrigas.

O Alcalde resposta que se trata de facturas que quedaron fora do expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos do POS porque son posteriores a petición desta subvención. Afirmo que lle facilitará a información das facturas pendentes do ano 2018.

Asimesmo, a Sra. García indica que a memoria é moi xenérica e o informe da intervención da modificación orzamentaria por iso precisa información.

O Alcalde explica a situación dos gastos e facilitaralle información das facturas imputadas ao expediente.

En relación co alcantarillado a Sra. García pregunta cales son os traballos realizados.

O alcalde resposta que se fixeron traballos en Vilariño e se fixera mantemento en outras zonas.

A Sra. García continúa indicando que lle sorprende que para gastos correntes non sexa suficiente a dotación orzamentaria, como os de publicidade o gastos de alquiler de material das festas navidad, calefacción.... o Alcalde contesta que o custe é maior e por iso si non é suficiente hai que dotar a partida de crédito, porque os orzamentos veñen do ano 2017.

O Alcalde explica que os gastos foron maiores por iso as partidas non son suficientes.

No caso da Feira da Troita hai un incremento de 20.000 € indica a concelleira e pregunta se é necesario.

O Alcalde indica que é derivada da contratación de Mago de Oz.

En relación cos gastos da Festa dos maiores pregunta tamén o incremento e se existe xa unha factura por este concepto.

O alcalde explica que se contemplan os gastos que son maiores que en 2017 pero non existe factura. Explica que se inclúen previsións estimadas de gastos coma sucede por exemplo coa previsión dos custes nas horas do servizo no fogar de aquí cara final de ano.

En relación coa festa dos maiores, a Sra. García pide que conste en acta que o Alcalde dixo que non estaba invitada porque “o millor non quería que viñerades”

O Alcalde aclara que está aberta a todos os veciños e que o ano que ven lle enviará unha invitación. Él considera que non é preciso invitar pero pide que conste o que dixo é que “se cadra o millor non quería que viñerades”.

A Sra. García continúa preguntando por gastos de outras empresas e profesionais o alcalde indica que están relacionados coa celebración da Festa da Troita.

No tocante aos gastos de aluguer de maquinaria, a Sra. García pregunta pola factura e lle pide copia. O Alcalde resposta son gastos de facturas pendentes de pagamento.

No tocante os gastos de mantemento de tractores e outros suministros a concelleira pregunta polas contías imputadas.

O Alcalde resposta en relación co primeiro que se dota crédito para reparacións de tractores e no segundo para reparación, pezas de

coches, desbrozadoras... Indica tamén que se lle pasarán as facturas (aplicación 454.22199 por 15575 €).

A Sra. García pregunta se hai unha previsión de que o gasto é de 20.000 € o Alcalde dí que se axusta a unha previsión de gasto e que o non se gaste quedará como remanente e evitar que non se teña que facer outra modificación orzamentaria.

O Sr. López Fidalgo pregunta que porcentaxe de inversións supón esta modificación e advirte que se esgotará o aforro nos vindeiros anos a este ritmo.

A Sra. García precisa que non é preciso que en 6 meses se esté gastando o 50 % do remanente e que esta situación reflicte que non fixeron ben as cousas.

O Alcalde sinala que a maior parte do remanente procede do 2018, porque non se fixo ningún orzamento porque se prorrogou o de 2017 e por problemas administrativos non se puido executar o orzamento por iso houbo un remanente de 500.000 €.

No tocante a salarios e persoal, pregunta a Sra. García se estes gastos son íntegros (90.000 €) para incremento do Convenio laboral e por cantos meses. O Alcalde aclara que se inclúe o custe dende o mes de outubro ate final do ano, e inclúe gastos de nóminas e Seguridade Social.

A Sra. García pregunta cando van a empezar a cobrar este incremento o persoal.

O Alcalde resposta cando veña aprobado pola Xunta.

Discuten a Sra. García pide que conste en acta que o Alcalde dixo que vai contestar o que lle de a gana.

O Alcalde pide que lle pregunte e que él lle contestará, se quere saber algo máis ten que consultalo pero que o Convenio non ten aplicación retroactiva, e que ela o quixo aprobar con ese efecto retroactivo e eso non era legal.

A Sra. García pregunta cal é o custe para un ano do gasto de persoal e laiase de que se incremente a 300.000 €.

O alcalde aclara que cando foi aprobado en pleno tiña o dato e ela votou a favor dese incremento do custe de persoal.

No tocante a reparación de camiños veciñais por 470.000 € que son reparacións xa feitas, pide facturas e procedementos de contratación. O Alcalde dí que se facilitará.

Asimesmo, a concelleira pregunta se a maiores do POS hai que sumar estes costes, o Alcalde resposta que coida que algunhas das facturas se corresponden co POS, ademáis a reparacións de camiños era unha necesidade que ela xa detectara.

O alcalde pide a Sra. García que lle solicite por escrito todas as copias das facturas que quere.

No tocante a novas infraestructuras en cultura a Sra. García pregunta cales son, o Alcalde resposta que os terreos da casa da Hermandá da cámara agraria. A concelleira advirte que no pasado a Xunta permitía o pago fraccionado sen intereses, e cree que o millor. O alcalde resposta que se vai pagar todo xunto porque se pode e cobran intereses.

No tocante a reparación de infraestructura a Sra. García pregunta a que se corresponde este gasto, o Alcalde aclara que é o importe do IVA do Plan Marco que é unha obriga derivada dese plan (13000 € aproximadamente). Ela pregunta se non había partida, o Alcalde aclara que non que todavía non.

No tocante aos gastos de inversións reais por 2.000 € a concelleira pregunta para que son.

O alcalde aclara que é o gasto para adquirir local social en Pena Grande (Grixalba).

A Sra. García aclara que este tema é delicado e que no pasado esa persoa estaba disposta a cederllo ao Concello sen custe. O Alcalde aclara que eso denunciouno ela na fiscalía pero o propietario todavía non lle pediu unha contía por este terreo e que o se consignou é o custe según datos de catastro.

A Sra. García precisa que o terreo tiña que ter sido comprado cando se construíu o local social.

Discuten sobre a aprobación duns proxectos e pagamento de facturas do ano 2018 que quedaron pendentes do goberno da Sra. García. A concelleira aclara que nese caso se presentaran proxectos que teñan os mesmos contidos que outros e por eso non se aprobaron.

A Sra. García reitera a petición das facturas do que xa está executado, e quere manifestar que lle sorprende que se esté aprobando este expediente cando en setembro debería estar negociando a aprobación dos orzamentos. O Alcalde aclara que non se van negociar.

Discuten sobre esta cuestión.

A Sra. García quere punutalizar que dende o ano 2018 non se celebraron plenos ordinarios que eran obrigados e por teste motivo non teñen forma de facer propostas mais que facendo preguntas.

Finalmente a Sra. García quere deixar constancia da advertencia que sinala a Secretaria no seu informe de que probablemente esta medida teña impacto na regra de gasto.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta da alcaldía co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Como resultado da votación, queda aprobada a proposta de alcaldía.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14.25 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE